



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

BANDO DE ALCALDÍA

DON MANUEL ÁNGEL LEIS MÍGUEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA (A Coruña)-----

Comunico a todos/as os/as veciños/as, que debido a melloría no número de casos, e trala xuntanza mantida coa Consellería de Sanidade, informase que dende o Concello tomaranse medidas menos restrictivas:

- **Reapertura da feira dominical.**
- **Reapertura das instalacións deportivas.**
- **Reapertura da aula de estudo e a biblioteca.**
- **Comenzarán as escolas deportivas e culturais a partir do 1 de marzo.**

Ainda así, quedan limitadas certas pautas ata a próxima xuntanza, que serán:

- Movilidade reducida ao límite dos Concellos co mesmo nivel.
- Peche as 18.00 h da hostelería e restauración, permitindo un aforo interior do 30%, e ata un 50% en terrazas dos mesmos. Recollida en local ata as 21.30h. Reparto a domicilio ata as 00.00h.
- Reunións de ata 4 persoas non convivintes.
- Comercios, academias, centros privados de ensino non regrado e centros de formación, limitados a un aforo do 50%.
- Velatorios ata un máximo de 5 persoas non convivintes por túmulo, e 15 no exterior.
- Enterros ata un máximo 15 persoas non convivintes.
- Toque de queda de 22h a 6.00h.

Este Concello de Negreira tamén quere recordar a toda a veciñanza que é imprescindible cumprir as recomendacións das autoridades sanitarias para previr e evitar a transmisión do Covid-19:

- Usar máscara, que é obrigatorio en tódalas circunstancias.
- Lavar as mans con frecuencia ou usar as solucións hidroalcohólicas.
- Evitar as aglomeracións, reunións e actos sociais.
- Se presenta síntomas (febre, tos, dor de cabeza, perda de olfato e gusto,...) quedar na casa e contactar vía telefónica co médico de atención primaria.

O concello pide á veciñanza que continúe colaborando na loita contra o virus e siga as recomendacións do Ministerio de Sanidad, Consellería de Sanidade e do Concello de Negreira.

No caso de ter algún síntoma contactar co teléfono de información para a cidadanía
900 400 116

Para máis información **www.coronavirus.sergas.gal**

Negreira, 26 de febreiro de 2021

O alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez

